

A LEI DE ENVASES E RESÍDUOS DE ENVASES

Unha Lei ao servizo das industrias dos plásticos e da incineración

Cando está a rematar o prazo de dous anos fixado pola lexislación europea para a adaptación da Directiva 94/62/CE relativa a envases e embalaxes, o goberno central ven de presentar no Parlamento Español un proxecto de Lei de Envases e Resíduos de Envases que adapta a mencionada Directiva. Non existiu neste tempo consulta prévia algunha ás organizacións ecoloxistas, e tampouco se prevé a participación das Organizacións Non Governamentais de protección da natureza nas diferentes comisións consultivas que contempla a nova lei. O proxecto de lei incorpora á baixa os obxectivos de reciclaxe de residuos de envases fixados pola Directiva comunitaria, e esquece na práctica os dous primeiros erros de Redución e Reutilización ao tempo que fomenta a incineración baixo o eufemismo da recuperación enerxética.

Por MANUEL SOTO CASTIÑEIRA

Os obxectivos de reciclaxe máximo do 45% e mínimo do 15% para cada material non fan senon poñer dificultades mesmo á reciclaxe de materiais como vidro e papel (polo que se refere a este material, está-se xa por encima do 45%), e por ende favorecen a substitución destes materiais pola utilización de plástico no envasado e embalado. Neste sentido, basta indicar que en moitas cidades alemás e austríacas se está recollendo selectivamente máis do 85% destes materiais, e que o regulamento alemán fixava xa para o ano 1995 un obxectivo dun 72% mínimo de reciclaxe dos diferentes materiais de envases e embalaxes. O proxecto de lei obriga, porén a un mínimo do 65% de valorización dos residuos de envases, o que se traduce no fomento, case obrigatoriedade, da incineración con recuperación de enerxía.

Trata-se, por elo, dunha lei hipotecada polos intereses das empresas fabricantes de plásticos, as petroleiras e as enerxéticas, ademais das enxeñerías de incineración. Así, non hai apoio de ningún tipo á utilización preferente de materiais renovábeis, como o papel, ou de fácil reutilización e reciclado como o vidro, nen se establece a necesaria normalización dos envases en canto a formato e usos. No que se refere á medidas preventivas, de redución e reutilización, reduce-se a establecer que as Administracións procurarán fomentar estas alternativas (non temos noticia de que até agora isto estivese prohibido), deixando ao criterio do Goberno Central a posibilidade de introducir algún tipo de obxectivo de redución, escoitando unha Comisión Mixta, na que ademais das Administracións participan exclusivamente as empresas. **As organizacións ecoloxistas fican totalmente apartadas do proceso de elaboración de propostas e supervisión de resultados**, a pesar do papel activo e impulsor, mesmo precursor, que desenvolveron neste campo. Todo un lucimento para o recen criado Ministerio do Ambiente.

O proxecto de lei establece dou tipos de mecanismos para conseguir os obxectivos anteriores. Con carácter xeral, o "Sistema de Depósito, Devolución e Retorno", basea-se no establecemento dunha taxa ou cantidade que os diversos axentes que participen na cadea de comercialización dun produto envasado (envasadores, importadores, maioristas e minoristas) fican obrigados á cobrar aos seus clientes até o consumidor final por cada produto obxecto de transacción e a devolver idéntica cantidade pola devolución do enva-

se vacío. Porén, a participación neste tipo de sistema non garantirá que se reutilicen os envases, alternativa para a que non se fixan obxectivos cuantitativos.

Alternativamente, os axentes citados poderán eximir-se das obrigacións derivadas do procedemento xeral anterior cando participen nun segundo tipo de mecanismo, os "Sistema Integrado de Xestión de Resíduos de Envases e Envases Usados" que garante a recollida periódica e o cumprimento dos obxectivos de reciclado e valorización fixados. A luz das ferramentas establecidas pola lei, todo indica que o procedemento xeral se convertirá en excepcional.

Este último sistema coloca aos concellos en mans dos chamados axentes económicos, é dicir das empresas fabricantes de materiais de envases e produtos envasados, xuntamente coas de comercialización, que acadan por lei o dereito en exclusiva de definir e poñer en marcha tais sistemas integrados, aínda que teñen que contar co visto bon da correspondente Comunidade Autónoma. Porén, os concellos terán que organizar a recollida selectiva de envases e embalaxes adaptando-se aos Sistemas Integrados que sexan aprobados, e por tanto aos intereses destes axentes económicos. Neste sentido, un dos aspectos máis obscuros do proxecto de lei, e quizá máis negativo, será a incidencia que teña sobre os plans integrais de recollida selectiva do lixo hoxe en marcha en algunhas mancomunidades pioneiras, xa que introduce elementos novos de forma forzada e con intereses alleos ao plan xeral. O aspecto positivo, polo contrario, está en que, organizada a recollida selectiva dos residuos de envases e envases usados conforme ao establecido nos Sistemas Integrados, as empresas fabricantes e comercializadoras terán que dar-lle saída á eses envases (pero ollo!, segundo a lei, a maior parte do papel e plásticos recollidos acabarian incinerados), ademais de correr con parte dos gastos orixinados pola recollida e o transporte.

Adega pronunciou-se sobre este proxecto de lei, pondo de manifesto que existen aspectos positivos no mesmo, longamente esperados, pero que require unha fonda modificación para que sexa realmente operativa se o que se pretende a prevención da contaminación, a reutilización e a reciclaxe. Pronto teremos ocasión de valorar en maior detalle o texto da Lei que finalmente se aprobe no Parlamento Español. ■